

TRES ADEUSES

Isabel Coixet, 2025

1677

ESTREA EN NUMAX: 06.02.2026 | V.O.S.E. | 122 min

Tras o que parecía unha discusión sen importancia, Marta (Alba Rohrwacher) e Antonio (Elio Germano) sepáranse. El, un chef prometedor, refúxíase nos seus fogóns; ela, no seu silencio, empeza a notar algo máis que tristura: perdeu o apetito... e non só por desamor. Cando descobre que detrás hai un problema de saúde, todo dá un xiro inesperado: a comida sabe mellor, a música chégalle como nunca e o desexo esperta as súas ganas de vivir sen medo.

Unha historia sobre o amor, a vida e eses momentos que o cambian todo para sempre.

«O mellor cinema de Coixet transforma o mundo. Fermosísimo»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Isabel Coixet: «Quería distanciarme da Roma monumental, da visión opulenta e épica da cidade»

Por Ana Jiménez Pita

Tres adeuses adapta el libro “Tres cuencos: rituales para un año de crisis” (Altamarea, 2025), de Michela Murgia. Supuxo algún reto escribir un guión a partir de relatos? Despois de *Un amor* (2023) non quería dirixir outra adaptación, pero esta é unha proposta dun produtor italiano que levaba un tempo querendo traballar comigo. Un día chamoume para dicirme que comprara os dereitos de “Tres cuencos”, un libro de relatos inacabado porque se publicou pouco despois do falecemento da autora, de feito, dous dos relatos son completamente autobiográficos. Xa lera outro libro de Michela, “La acabadora” (Salamandra, 2011) que me parecía increíble, pero díxenlle que non mo enviase, que a miña cota de mulleres con cancro terminal estaba acabada. Eu era un pouco escéptica, pero cando o lin había moitas cousas que me interesaban e, sobre todo, dous relatos: ese home que deixa unha muller e non sabe por que, para logo botala de menos, e esa muller que sabe que vai morrer, e que esa depresión que cre padecer é outra cousa. A partir destes elementos, decidimos que personaxes e tramas poderían funcionar para conformar un só relato.

Era importante que o guión fose fiel ao texto literario? Estou afeita a traballar desde o soporte literario e facer balance entre a literalidade da obra e completala coa nosa visión. Foi moi importante atallar a obra desde o respecto e a admiración, porque creo que Murgia é unha moi boa escritora, e, ao mesmo tempo, saber prescindir daquilo que non ía funcionar dentro do relato da película. En Italia o libro é un best seller, ao final é unha obra moi persoal, pero mesmo persoas próximas a ela recoñeceron na película a voz de Michela.

É unha produción italiana, cunha gran parte de actores italianos, na concepción da película existía tamén a idea de establecer lazos co cinema italiano? A noite na que estabamos a rodar preto do cinema de Nanni Moretti, Cinema Nuovo Sacher, é cando el sufriu un infarto. A min gústame moito o cinema de Moretti, considero que me identifico bastante con el, ambos somos espíritos libres. Entón, ocorréusenos que non só aparecese o seu cinema na escena, senón que a concibimos toda ela como unha homenaxe, pois a maneira na que Marta (Alba Rohrwacher) vai en bicicleta collendo as curvas lembra vivamente a como o fai el en *Caro Diario* (1993).

Aínda que a película nace da soidade, o abandono e a enfermidade, temas escuros, contrastan coa proposta estética da película, pois sempre se coa algo de calidez no plano... O certo é que con Guido Michelotti, o director de fotografía, o que buscamos era non forzar ou embelecer a realidade. Rodamos durante uns meses moi chuviosos en Roma e o meu obxectivo era afastarme da iconografía desta Roma idealizada e dourada. Evitamos, por iso, claroscuros e contraluces, porque quería facer unha película bela, pero non bonita. Sempre hai, con todo, espazo para aquilo que non se pode controlar. En *Tres adeuses* temos esta escena na que Marta e Antonio están a pasear pola beira do río e eu quería que o ambiente fose gris, escuro e o ideal era que chovese; pero xusto ese día o ceo estaba despexado e era dun azul espectacular. Esperamos o máximo posible para gravala, a ver se chovía, pero finalmente gravámola en condicións estupendas. Agora pénsoo e doume conta de que probablemente esa escena chuviosa tamén fose unha maneira de forzala, unha escena tan íntima e emocional non tiña sentido que fose gravada no medio dunha tormenta no exterior.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Tres cuencos,
Michela Murgia.
Altamarea, 2025